




XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)
Teléfono 981 546 497 – Fax 981 546 486
15703 Santiago de Compostela



Remítense unha vez asinado, un exemplar do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracíons Públicas e Xustiza e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Santiago de Compostela, 14 de agosto de 2015

Servicio de Protección Civil



dr. L. Sánchez Castro

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA

REXISTRO DE EMERXENCIAS E INTERIOR
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 14/08/2015 09:50:47

SAÍDA 1899 / RX 1093566



M^a Rosa Álvarez Prada
Decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.



XUNTA DE GALICIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL

REUNIDOS

Dunha parte D. Alfonso Rueda Valenzuela, que actúa en representación da Xunta de Galicia, en virtude do seu cargo de vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracíons Públicas e Xustiza, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, que regula a Xunta e a súa presidencia, e o artigo 2 da Resolución de 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte Dna. M^a Rosa Álvarez Prada, decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, no nome e representación deste colexio segundo o establecido no artigo 31.1.A dos seus estatutos.

EXPOÑEN

Que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracíons Públicas e Xustiza, conforme ao disposto nos Decreto 235/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracíons Públicas e Xustiza é o departamento encargado de xestionar as competencias que en materia de protección civil ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia, e mais especificamente a Dirección Xeral de Emerxencia se Interior encadrada na súa estrutura.

Que conforme ao disposto no artigo 24 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo (D.O.G. nº 62, do 29 de marzo de 2000), modificado polo Decreto 109/2004 do 27 de maio (DOG nº 108, do 7 de xuño de 2004), polo que se aproban as medidas de coordinación da protección civil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, prevede que a Xunta de Galicia poderá establecer convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.

Que conforme ao establecido nos artigos 5.3 e 47.2 da Lei 5/2007de emerxencias de Galicia, a Xunta de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas co fin de facilitar a colaboración das mesmas na xestión de riscos e de emergencias.

Que o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia ostenta a representación da profesión de psicólogos na Comunidade Autónoma de Galicia e ten entre os seus fins o da





gálicia

XUNTA DE GALICIA

promoción e desenvolvemento técnico e científico da profesión e da ciencia psicolóxica e o servizo da profesión á sociedade.

Que a Xunta de Goberno, como órgano executivo do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, entre as súas competencias, poderá constituír grupos de traballo ou estudo e designar aos colexiados que estime oportuno para a presentación de estudos, informes e ditames, por requirimento ou a iniciativa propia, para o asesoramento da administración, como se contempla nas súas funcións de colaboración coa Xunta de Galicia.

O carácter excepcional do servizo de protección civil como servizo esencial para a comunidade, que funciona as 24 horas do día os 365 días do ano, e a imposibilidade de planificar todas as actuacións das emerxencias no tempo, as emerxencias ocorren a calquera hora de calquera día do ano, non se poderían afrontar, coa mesma garantía, se non contamos con todos os medios existentes e mais con aqueles que teñen un carácter específico e especializado.

Que entre os medios e recursos mobilizables pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, é conveniente contar en determinados momentos, ademais dos seus propios, con medios dos que ela non dispón, optimizando recursos e orzamentos, sendo obxecto deste convenio a colaboración co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia en materia de protección civil, entendendo a mesma como a seguridade dos cidadáns e os seus bens, a través do seu coñecemento e poñendo en valor o interese da prevención e socorro así como a práctica individual e colectiva da autoprotección, como medidas primordiais para evitar riscos o cando menos minorar as consecuencias dos posibles accidentes.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia ven sostendo un grupo de traballo de psicólogos, Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias "GIPCE" que, en cantidade suficiente, organizados en forma de rede para activar, con capacitación técnica e dotado da necesaria estrutura organizativa, adquirida ao longo destes anos nos que se acadaron bos resultados na colaboración coas autoridades de protección civil da administración autonómica de Galicia, permite que na nosa comunidade se dispoña do recurso necesario para a resposta psicolóxica en desastres de media e gran magnitudo.

Dado que estas funcións son exercidas de forma exclusiva no territorio da comunidade autónoma polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, non é polo tanto de aplicación os principios de publicidade e concorrencia pública, de acordo co establecido no artigo 11.2 da Lei 4/2006 do 30 de xuño de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega.

Por todo isto, ámbalas dúas partes,





gáLICIA

XUNTA DE GALICIA

ACORDAN

Primeiro. Obxecto xeral

O obxecto do presente convenio é establecer as bases para a colaboración entre Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, en canto ao apoio que este poida aportar á acción permanente dos órganos e autoridades competentes en protección civil para a prevención e intervención ante as emergencias.

Segundo. Obxectivos específicos

A colaboración centrarase nos seguintes apartados:

- Atención ás emergencias ordinarias especiais, nas que unha vez avaliadas polos técnicos de protección civil e os técnicos do GIPCE, decidirán en consecuencia a súa actuación, podendo desprazarse ao lugar onde se producira a emergencia, para a atención psicolóxica ás vítimas e familiares
- Formar parte dos comités asesores dos diferentes plans de protección civil elaborados pola Xunta de Galicia.
- Participar nos equipos de implantación dos plans de protección civil que poidan orixinar graves accidentes con importantes repercusións nas persoas e no medio ambiente.
- Formar parte do gabinete de información dos plans de protección civil, en todo o relacionado coa difusión de informacións á poboación, cando se produce unha catástrofe, ou unha grande emergencia que precise sexa informada desta situación.
- Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, organizará e colaborará, coa participación do grupo de traballo e do persoal técnico da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior en:
 - ✓ Simulacros organizados pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, nos que participarán as agrupacións de voluntarios de protección civil e as entidades colaboradoras.
 - ✓ Xornadas programadas coas asociacións provinciais de agrupacións e asociacións de voluntarios de protección civil.
- Colaborar e participar en accións formativas a persoal técnico e colaborador de protección civil de Galicia.
- Intervencións noutras comunidades en situacións que debido a súa magnitude desborde a súa capacidade de resposta. Para intervir nestes casos terá que haber unha solicitude de intervención previa do GIPCE ao Colexio Oficial de Psicoloxía e que esta sexa aceptada tanto dende a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior como dende o propio grupo.

Terceiro. Mobilización e identificación do GIPCE

No supostos de emergencias ou activación de plans de protección civil ou cando o requiran as autoridades de protección civil da Xunta de Galicia, a mobilización dos





XUNTA DE GALICIA

recursos dos integrantes do GIPCE realizaranse a través do Centro de Atención de Emerxencias 112-Galicia.

Para o cumprimento das devanditas actividades a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, ademais da asistencia financeira que se estipula máis adiante, executará as accións oportunas para que o Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias, creado e sostido polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, dispoña de identificación autorizada e apropiada, así como, o logo da central de emergencias 112 na súa uniformidade, para os labores a desenvolver.

Cuarto. Libramento de fondos

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, colaborará para financiar os custos que xeren as actividades realizadas para que se cumplan os obxectivos do presente convenio, reflectido no orzamento global de previsión de gastos (anexo I), cunha achega por un importe máximo de vinte e un mil euros (21.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria 05.25.212A.640.0 e código de proxecto 2015 00138, dos orzamentos do ano 2015.

Para percibir a cantidade que achega a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia presentará os seguintes documentos:

- A conta xustificativa dos gastos totais realizados e a documentación acreditativa do seu pago (nóminas facturas, etc), tendo en conta que a cantidade máxima que se obriga a aportar a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é de vinte e un mil euros (21.000 €), que reducirase na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total (anexo I).
- Facturas e xustificantes de pagamento correspondentes aos gastos totais realizados. Considerase xustificante de pagamento válido únicamente os extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados polo presidente da asociación.
- Para aquelas compras realizadas en metálico, de ata 1000 euros por factura, será suficiente a factura orixinal ou compulsada polas oficinas de rexistro en que figure “pagado” xunto coa sinatura e o número de NIF da persoa encargada da empresa subministradora.
- Documentos de liquidación de gastos de mantemento, desprazamento e loxística, polo cumprimento das actividades do convenio, na que figure tanto a conformidade do presidente da asociación como o “recibín” do perceptor desta compensación.

No caso de non presentarse as facturas suficientes no prazo establecidos, ou ben





XUNTA DE GALICIA

non ser correctas na súa totalidade, verase reducida na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total.

A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior acompañará unha certificación na que se indique o cumprimento, por parte do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, das obrigas contidas neste convenio.

Toda a documentación xustificativa descrita nesta cláusula deberá estar en poder da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, a máis tardar, o 30 de novembro de 2015.

Quinto. Publicidade

Así mesmo a sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na administración pública galega e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regulan o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Sexto. Comisión de seguimiento

Créase unha comisión mixta, constituída por dous representantes por cada unha das partes, que velará polo cumprimento das estipulacións deste convenio e proporcionará o soporte de xestión axeitado para atender os supostos que as circunstancias puideran deparar e propor as actuacións que sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do mesmo.

Pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior:

- Un subdirector xeral da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, e un técnico dependente da mesma

Polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

- A Decana do Colexio e a coordinadora do GIPCE.

Sétimo. Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio, Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pode, se é o caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas.





XUNTA DE GALICIA

Oitavo.-Lexislación aplicable

As dúbidas que se presenten na súa interpretación, caso de discrepancias, serán resoltas, visto o informe da comisión de seguimento, polo vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, poñendo así fin á vía administrativa.

O incumprimento de calquera das cláusulas do presente convenio constituirá causa suficiente de rescisión do mesmo, e dará lugar á resolución do mesmo e, no seu caso, á devolución das cantidades percibidas, xunto cos xuros de demora correspondentes si fora o caso.

O presente convenio terá carácter administrativo, quedando ámbalas dúas partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir como consecuencia do mesmo, e quedará suxeito ao disposto polo Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, segundo específica o seu artigo 4, ao non previsto aplicaránsele os principios recollidos na citado texto, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, de maneira supletoria terase en conta o decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

Noveno. Vixencia

A data de efectos do presente convenio é dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2015.

En proba de conformidade, asínase o presente convenio por duplicado en Santiago de Compostela, a 25 de maio de 2015.

Pola Xunta de Galicia
O vicepresidente e conselleiro de
Presidencia, Administracións Públicas e

Xustiza



Alfonso Rueda Valenzuela



Polo Colexio Oficial de Psicoloxía de
Galicia,
A decana

Mª Rosa Álvarez Prada



gáLICIA

XUNTA DE GALICIA

ANEXO I.
ORZAMENTO GLOBAL ESTIMADO DE PREVISIÓN DE GASTOS

Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)

➤ Actividades de formación	4.500 €
➤ Reunións e desprazamentos	3.000 €
➤ Actuacións técnicas	9.000 €
➤ Gastos administrativos, funxibles, telefonía, etc.	1.500 €
➤ Gastos imprevistos	3.500 €
TOTAL IMPOSTOS INCLUÍDOS	21.500 €

